



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 21/03/2016.

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.
D^a Sabela Iñiguez Cinza.
D. Manuel Varela Mecías.
D^a María Amparo Calvo González.
D. Jesús Manuel Soto Vivero.
D^a Ana Belén Breijo Gundín.
D. Manuel Beceiro Couce.
D. Manuel Romero Castrillón.
D^a Silvia Fernández Muiño.
D. Eduardo Lourido Doval.

Concelleiro ausente:

D. Andrés Fernández Graña.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as dezasete horas e trinta e un minutos do día vintedous de marzo de dous mil dezaséis, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión extraordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde en cumprimento do establecido no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e no Regulamento Orgánico deste Concello.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día cinco de marzo do presente ano dous mil dezaséis. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

SEGUNDO. ACORDOS SOBRE A INCORPORACIÓN DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO Á ASOCIACIÓN DO GRUPO DE ACCIÓN LOCAL QUE XESTIONARÁ OS FONDOS LEADER DE GALICIA 2014-2020.

Dase conta polo Sr. Alcalde da proposta da Alcaldía sobre este tema, cuxa parte dispositiva seguidamente le e que literalmente di:

"FUNDAMENTOS:



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

No Diario Oficial da Unión Europea L 347, de 20 de decembro de 2013, publicáronse os Regulamentos dos Fondos Estruturais e de Investimento (FEI), que serán aplicables aos Estados Membros da Unión Europea durante o período 2014-2020.

No Estado español os FEI para o período 2014-2020 serán catro: o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), o Fondo Social Europeo (FSE), o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) e o Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).

O Regulamento (UE) n° 1305/20a 3 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao Desenvolvemento Rural, a través do FEADER, permite que os Estados Membros presenten un programa nacional e un conxunto de programas rexionais, garantindo a coherencia entre as estratexias nacionais e rexionais.

Tamén insta aos estados membros a establecer, a escala rexional, subprogramas para o desenvolvemento das zonas rurais, que teñan en conta o potencial endógeno e as necesidades locais dos territorios con características socioculturais comúns, fomentando o financiamento e a posta en marcha de Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo, que deben ser xestionadas por Grupos de Acción Local (GAL), empregando o enfoque LEADER.

Así, a Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural, acordou que o Programa Nacional de Desenvolvemento Rural (PNDR) de España, distribúese fondos FEADER entre os Programas de Desenvolvemento Rural das Comunidades Autónomas, que finalmente chegarán a 8.297.388.821 €.

A Galicia correspóndenlle 889.800.000 euros, e o Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 destina 84.000.000 euros destes fondos á implantación das Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo e do enfoque LEADER.

Neste senso, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), na súa Resolución do 11 de febreiro de 2016 vén de aprobar as bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia e para a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 20a 4-2020, e se convoca o correspondente proceso de selección.

Consonte esta resolución o en Galicia deberán constituirse 24 GAL, e o Concello de San Sadurniño estará no formado, principalmente, polos concellos das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

Por outra banda, o Regulamento (UE) n° 1303/23 do Parlamento Europeo e do Consello sobre disposicións comúns e específicas dos Fondos, sinala, no seu artigo 34, que os GAL deben estar compostos por representantes locais públicos e privados, que deseñen unha estratexia local e a leven a cabo.

Do mesmo xeito, se incide no Regulamento (UE) n° 1305/2013, cando recalca a composición dos grupos de acción local como un grupo de socios públicos e privados locais dun territorio, organizados ao redor dunha asociación sen ánimo de lucro para levar a cabo a estratexia de desenvolvemento local participativo.

ANTECEDENTES:

O Concello de San Sadurniño xa formou parte, dende a súa creación da Asociación Euroeume, quen xestionou os fondos europeos do Programa de Desenvolvemento e Diversificación Económica de zonas rurais (PRODER), no período 1994-1999, do LEADER+, no período 2000-2006, do Eixo LEADER do Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia (período 2007-2013).



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

No momento actual existen en Galicia 31 GAL, denominados Grupos de Desenvolvemento Rural, pero a convocatoria de AGADER obriga a modificar o mapa de Grupos, de xeito que se han reducir a un máximo de 24 GAL.

Nomeadamente no que lle afecta a San Sadurniño, o futuro GAL no que estaría situado abranguería os concellos das bisbarras de Ferrol, Eume e Ortegá.

Por isto, os concellos que conforman a Asociación Euroeume e os representantes das entidades sociais, acordaron na Asemblea Xeral Extraordinaria do 24 de novembro de 2015 e reiteraron na Xunta Directiva do 29 de febreiro de 2016, iniciar os trámites de constitución dunha nova entidade.

Debido a que os Concellos deben exercer o liderato que lees corresponde neste asunto de cara a asegurar a implantación dunha Estratexia de desenvolvemento local participativo que permita ao territorio acceder aos fondos LEADER e propiciar o desenvolvemento socioeconómico do medio rural, cómpre dar os pasos precisos para constituír a asociación que xestione o futuro GAL.

Por todo o antedito, esta Alcaldía, no uso das súas atribucións, realiza a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

1. O Concello de San Sadurniño acorda integrarse como socio fundador na asociación sen fin de lucro, en trámite de constitución, cuxo fin será, entre outros, a elaboración dunha Estratexia de desenvolvemento local participativo e que concorrerá á convocatoria para a xestión dos fondos FEADER dentro do enfoque LEADER Galicia 2014-2020.

2.- Designar ao Alcalde ou concelleiro/a en quen delegue, como representante do Concello de San Sadurniño no acto constitutivo da dita asociación, así como representante permanente da Corporación nesa entidade."

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi ditaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos dez membros presentes do Pleno do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Romero pregunta pola composición dos órganos de goberno da asociación, respostándolle o Sr. Alcalde que cando se constituía esa asociación, que integrará administracións e tamén entidades sen ánimo de lucro, se tomarán as decisións relativas ós órganos de goberno e a súa composición, pero que o peso dos representantes de administracións públicas neses órganos directivos será menor que en EuroEume por limitacións impostas pola normativa europea.

Sometido seguidamente a votación ordinaria a referida proposta da Alcaldía, a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos dez membros presentes, o que representa a maioría absoluta do seu número legal de membros, acorda a súa aprobación.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as dezanove horas e trinta e seis minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,



O SECRETARIO,

